

**Representación da obra de teatro “Payasos en Peligro”  
Teatro Principal- 24 de abril de 2012, sesións ás 9:45 h e ás 11:30 h**



A educación viaria é o punto de partida desta representación teatral, utilizando o teatro e a música para fomentar dende a infancia, as actitudes e os valores necesarios para o correcto comportamento como peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas. Esta obra de teatro céntrase na aprendizaxe das normas básicas de comportamento vial, construíndo unha obra de teatro clara nas súas ideas, sorprendente e cun ritmo trepidante. Durante o transcurso da obra, dunha maneira clara e divertida, explicaranse cales son e para que serven, xa que é fundamental para a resolución do argumento.

### **SINOPSE**

Esta obra de teatro dirixida aos escolares de educación primaria narra a historia de 4 paiaos que teñen que ir á escola para aprender o oficio de paiaos. Ao iniciar esta viaxe, recoñecen que nunca saíron á rúa, que nunca viaxaron en coche, que non saben conducir unha bicicleta ou como xogar na rúa. Por este motivo son “paiaos en perigo”. A través do seu profesor descubrirán como convertirse en “paiaos seguros”:

### **FICHA TÉCNICA**

- ESCENOGRAFÍA: Julia Diez
- REALIZACIÓN ESCENOGRAFÍA: Modesta Zurrón/Eutiquio Quijada
- FIGURINISMO: Eva García
- VESTIARIO: Betty Pop
- MÚSICA: Amancio Álvarez
- COREOGRAFÍA: Eva García
- PRODUCCIÓN EJECUTIVA: Javier Cambero
- DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Enrique López

### **FICHA ARTÍSTICA**

- PEPA: Eva Frade
- PIPA: Mariana Sanz
- PUPA: Yasmina Fernández
- PEPO: Santiago González
- RUDY: Joaquín Mateos

**COMPAÑÍA:** TEATRO DIADRES

**PRODUCCIÓN DA CAMPAÑA:** Armonía Films.

**PRODUCCIÓN:** Fundación MAPFRE

**Material didáctico complementario:** [www.profesoresyseguridadvial.com](http://www.profesoresyseguridadvial.com)



### **DATOS TÉCNICOS**

- **Persoas destinatarias:** escolares do segundo ciclo de educación primaria (3º e 4º) dos centros de ensino de Santiago de Compostela.
- **Número de prazas:** 300 localidades por sesión.
- **Data de realización:** 24 de abril de 2012
- **Horario:** 1ª sesión ás 9,45 h e 2ª sesión ás 11,30 h.
- **Lugar:** Teatro Principal
- **Duración:** 1 h aproximadamente.

### **CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN**

- Poderán participar todos os centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela que remitan ao Servizo Municipal de Educación, por fax ou correo electrónico, a ficha debidamente cuberta.
- Atendendo á previsión do número de solicitudes, establécese como criterio de selección o 2º ciclo de educación primaria, cun número máximo de 75 escolares por centro.
- As solicitudes atenderanse segundo a orde de chegada no rexistro de este servizo municipal. Co obxecto de garantir o maior número de centros posibles en cada sesión, a asignación do horario establecerase en función do horario escolar do centro.
- O Departamento de Educación confirmará por escrito a cada centro de ensino a súa participación. En caso de non poder asistir, cada dirección do centro deberá remitir por fax ou correo electrónico, indicando a causa pola que non poden participar, no prazo máis breve posible e así poder garantir a participación dos grupos en lista de espera. En caso contrario, darase por confirmado a súa participación.
- No caso de que se produzan baixas por parte dos centros educativos, procederase a cubrir coas reservas en lista de agarda.
- Como en calquera acto destas características, recoméndase chegar ao Teatro Principal 15 minutos antes do inicio do espectáculo, xa que unha vez comezado o mesmo prohibese o acceso á sala.
- A distribución e ubicación dos escolares na zona que lle corresponda no Teatro Principal lle será comunicada o día da representación, solicitando a colaboración dos centros para que respeten o lugar asignado.
- A inscrición no programa supón a aceptación dos criterios de participación.
- 

### **INFORMACIÓN E INSCRICIÓN**

- **Forma de inscrición:** mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou por correo electrónico.
- **Custo:** de balde.
- **Período de inscrición:** ata cubrir prazas.
- **Información: Departamento de Educación.** Tfños.: 981554 400/401.Fax: 981- 571 511.Correo electrónico: [dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)//[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)